<u>Cyrano de Bergerac</u> de VV.AA
Ed. Hachette.2011

Cyrano de Bergerac aime en secret sa cousine Roxane mais sa disgrâce physique et sa grande générosité l'amènent à se sacrifier au profit du jeune Christian.
Portée par la verve et le panache du personnage principal, la pièce nous fait rire et nous émeut tout à la fois.

<u>Selma se connecte</u> de Régine Boutégège
Ed. Vicens Vives.2015

Selma est une adolescente comme tant d'autres. Dans sa vie, ce sont les amis, l'école et ses deux maisons - celle du père et celle de la mère - et les dimanches ennuyeux chez les grands-parents maternels. En outre, friendBook, le réseau social où vous avez de nombreux amis. Un jour, elle reçoit une étrange demande d'amitié ...

<u>A irmandade Secreta</u>de Vera Sacramento e Sara Rodi
Livro I do Portal do Tempo Ed. Alfaguara.2013

Aos treze anos, Jaime recebe uma herança do avô um relógio antigo que lhe permite viajar no tempo. A princípio o jovem não percebe as potencialidades do velho que lhe parece inútil…Mas quando é transportado para o futuro, tudo se altera. Depois de confidenciar o segredo à sua irmã, Laura e a Daniel, os seus companheiros inseparáveis, os três jovens irão iniciar uma série de aventuras fantásticas que vão mudar para sempre as suas vidas.

<u>The Picture of Dorian Gray</u> de Oscar Wilde
Burlington Books. 2016

This famous story , by Oscar Wilde, is set en 19th century England. Artist Basil Hallward paints an impressive portrait of his young handsome friend, Dorian Gray. Dorian is delighted with it. But then he meets Basil´s friend, the cynical Lord Henry Wotton, who becomes a very bad influence on the impressionable young man. Lord Henry persuades Dorian that the only important thing in life is the pursuit of pleasure. Dorian wishes he could stay young and handsome foreveer, while his portrait ages instead of him. As Dorian´s life slowly becomes more decadente, his wish begins to come true.



BIBLIOTECA ESCOLAR

Novidades 4

Biblioquendas.blogspot.com

Curso
2018-2019

IES Lama das Quendas

R.\ Uxío Novoneyra s/n
27500 - Chantada (Lugo)

Telf.: 982870223 – Fax: 982870233
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
www.edu.xunta.gal/centros/ieslamaquendas

<u>Fóra do normal</u> de María Reimóndez
Ed. Xerais ,2018

André, igual ca os heroes da Banda Deseñada como Superman, Batman e A muller marabilla que tanto admira, vive en conflito co seu corpo e coa súa identidade. Un conflito que lle parece irresoluble ata que ao seu instituto de Teis chega Mucha das Anzas, unha rapaza de Ribadeo que, contra todo prognóstico, non se sente fóra de lugar malia a súa orixe rural e a súa forma de entender a vida allea ao contexto urbano no que se ve obrigada a inserirse. Axiña, a amizade de André e Mucha pasará a verse ampliada nunha especial Patrulla Trans, grazas a Martín e Xela, outras dúas persoas moi distintas que axudan a André a comprender que cómpre coñecer para querer. Así, por fin amparado pola súa rede afectos e pola lectura das aventuras dos heroes do cómic clásico, un camiño para a comprensión do mundo, André asumirá que para a superación dos conflitos a auténtica fortuna reside en rodearse de persoas que non teñan medo a ser quen son: «no medio da treboada, a única heroicidade é resistir».

<u>Petando nas portas de Dylan</u> de Antonio García Teijeiro
Ed. Galaxia ,2016

Petando nas portas dos sentimentos. Petando cos versos na vida, abríndoa, facendo que as palabras canten. Como cantan os poemas de Bob, pero doutro xeito. Como soa o corazón. Como asubía o vento e brúa o mar... Velaquí un poemario que fala da vida, en todas as súas facetas. Que nos fai entender que a poesía é necesaria para sobrevivir. Que non hai nada mellor ca o mundo entendido en clave poética. E que un libro de versos pode recoller o universo. Velaquí un libro no que poesía, vida e ti vos daredes a man.

<u>A cova da moura</u> de natalia Carou Figueira
Baía Edicións. 2017



Malena e Mateo, o seu antigo profesor da facultade de Historia, son os encargados do anteproxecto de restauración do castelo de Soutomaior. Durante a súa visita atopan por casualidade un manuscrito dunha moza chamada Cleofar, que habitou no castelo no século XVI nun misterioso lugar chamado a Cova da Moura, onde relata os abusos que sufriu a mans do señor do castelo, don Pedro de Soutomaior, neto do infame Pedro Madruga. Atopar ese lugar será algo primordial antes de devolveren as chaves do complexo. A Cova da Moura garda no seu seo un material valiosísimo que poñerá de manifesto a verdadeira personalidade eidentidade dos habitantes do castelo.

<u>Mamá, quero ser Ziggy Stardust</u> de Iria Misa
Ed. Xerais ,2016

Aine contaba nove anos a primeira vez que viaxou cos seus pais de vacacións. Naqueles días, ademais de percorrer a cidade, visitaron unha exposición. Era sobre unha estrela de rock que mudaba de aspecto coma os camaleóns. Un arreguizo estraño percorreulle o corpo cando se fixou na roupa que vestía, pois non soubo se era de home ou de muller. Emocionouse ao ver que tiña o cabelo roxo, tan semellante ao seu. Escoitou aquela canción que falaba dun extraterrestre que só quería cantar e bailar e tivo unha revelación: Aine, de maior, sería igual que Ziggy Stardust, un músico marciano que podía ser todo o que lle dese a gana. Coa axuda de Thomas, o seu inseparable amigo imaxinario, íao lograr.

<u>Maternidade fóra de catálogo</u> de Marga Tojo
Ed. Xerais ,2018

"Maternidade fóra de catálogo" é un ensaio próximo ao xornalismo narrativo. Parte dun relato en primeira persoa, mestura de crueza e humor, que aborda a crianza no contexto da cidade neoliberal. Arrinca no embarazo, onde constata a activación de mecanismos sociais para marcar a entrada nunha nova categoría preconfigurada. Descobre tamén as barreiras e os tabús de ser madrasta. Desenvólvese durante o asentamento en Madrid da autora e da súa filla aos poucos días de nacer. No medio desa experiencia "Maternidade fóra de catálogo" analiza as dificultades, a ausencia de políticas sociais e de axudas para a familia, a imposibilidade de conciliar, a precariedade, as engrenaxes do crecente modelo de explotación laboral coa ficción do emprendemento, a negación sistémica do gozo e da paixón, o cansazo e a pechazón ante a evidencia de novas realidades familiares.

<u>Bibliópatas e fobólogos</u> de EmmaPedreira
Ed. Galaxia,2017



Un mollo de relatos, dende micros a máis longos, nos que a trama e o desenlace se adiviñan entre páxinas, entre lombos de volumes curiosos para xente así de curiosa: os biblíopatas e fobólogos. Libros polos que matar e polos que vivir.

Libros que dan a vida e a quitan. Personaxes nos lindes da razón que atopan na lectura, nas letras, nas semánticas máis estrañas, a súa razón de ser ou un motivo para mandar. Unha proposta literaria de Emma Pedreira, unha das autoras con máis proxección da literatura galega actual.